

DECLARACIÓN DÍA DA MULLER 8 DE MARZO DE 2016

O día da muller traballadora é un día para lembrar o sufrimento das mulleres que a comezos do século comezaron esta loita, reivindicando algunhas delas a costa da súa propia vida os dereitos de todas.

Pero é un día tamén para honrar as mulleres que cada día se levantan a mañanciña, procuran o mellor para os seus, marchan a traballar e a noitiña retornan fatigadas para seguir velando pola procura do mellor para os seus.

É polo tanto un día de orgullo e de ledicia, adicado a celebrar a senda que se abriu ao comezo do século pasado, pero tamén é un día para que todas/os recapacitemos sobre a desigualdade inxustificada que aínda sofremos as mulleres, para seguir concienciándonos dende a máis temperá infancia, imprimindo nas mentes dos nosos meniños e meniñas a igualdade de xénero, para que teñan asumido esa equiparación dende o berce.

E para que non sexa unha simple declaración de intencións, todos os estamentos da sociedade deben implicarse na tarefa, combatendo todos xuntos dende o signos ou sinais máis elementais á desigualdade, e facendo notar nun acto de solidariedade e valentía aqueles que quedan ocultos baixo a vulnerabilidade da muller mais desamparada.

Asdo: Centro de Información á muller de Zas